

Transporte, o punto de conexión é o domicilio fiscal da persoa física ou xurídica a nome da cal se efectúa a primeira matriculación.

Respecto das competencias normativas das CC.AA., refírense ao IRPF. En concreto, ampliáanse as facultades das CC.AA. para regular a escala autonómica aplicable á base liquidable e tamén o tramo autonómico da dedución por investimento en vivenda habitual, permítese que as CC.AA. poidan establecer deducións autonómicas por subvención ou axudas públicas en deducións autonómicas por subvención ou axudas públicas en determinadas condicións e, novedosamente, posibilitase que aproben incrementos ou diminucións nas contías do mínimo persoal e familiar. Por outra parte, e coa finalidade de que as CC.AA. fagan un exercicio máis explícito de corresponsabilidade, excepciónase a aplicación supletoria da normativa estatal en materia de tarifa autonómica para o suposto en que as CC.AA. non fixesen uso das súas competencias normativas.

Finalmente, introdúcese a posibilidade de que as CC.AA. asuman, por delegación do Estado, a competencia para a revisión dos actos por elas ditados en relación cos tributos totalmente cedidos tradicionais, o Imposto sobre Ventas Minoristas de Determinados Hidrocarburos e o Imposto Especial sobre Determinados Medios de Transporte. Todo iso sen prexuízo do labor unificador do Estado, que exercerán o Tribunal Económico-Administrativo Central e a Sala Especial para a Unificación de Doutrina establecida na LXT. En canto aos órganos de coordinación da xestión tributaria entre as Administracións Tributarias do Estado e das CC.AA. e Cidades con Estatuto de Autonomía. Por un lado, créase o Consello Superior para a Dirección e Coordinación da Xestión Tributaria, un órgano, que refunde os vixentes Consello Superior de Dirección e Comisión Mixta de Coordinación da Xestión Tributaria, regulándose a súa composición, organización e funcións. Por outro lado, mantéñense os Consellos Territoriais para a Dirección e Coordinación da Xestión Tributaria, coa súa composición, organización e funcións.

